

O premio Ramón Piñeiro descubre os problemas dos emigrantes retornados

Galicia foi historicamente un país de emigrantes. Moitos deles regresan ó seu lugar de orixe en canto poden ou ó rematar a súa vida laboral. O paraíso perdido no que se converteu o país na súa memoria choca co que ven cando se reintegran á vida diaria. Teñen a sensación de que non hai lugar para eles nunha terra á que, despois de anos polo mundo, teñen moita experiencia acumulada para ofrecer.

REDACCIÓN > FERROL



Imaxe da presentación, no Alto,

Os doutores Alexandre García-Caballero e Ramón Area Carracedo estudaron as patoloxías psicolóxicas dos emigrantes retornados a partir dos seus testemuños. Os motivos desta decisión, os conflitos que xorden, as frustracións e as consecuencias na saúde deste extrañamento analízanse no libro "Psicopatoloxía do retorno", que mereceu o premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2006.

Ambos acudiron onte a Narón, á biblioteca do Alto, para presentar o volume e axudar, de paso, a que os cidadáns comprendan os procesos polos que pasan os emigrantes que volven a Galicia e aproveiten os seus coñecementos.

Esta conferencia organizouna a Asociación Galega de Emigrantes Retornados (Acorán), con sede en Narón, xunto coa Concellería de Participación Cidadá. Alí estiveron a concelleira Natalia Hermida e tamén Mónica Martínez Torres, presidenta da primeira entidade, que presta información e apoio ás persoas que regresan a Galicia.

Os últimos datos publicados pola Secretaría Xeral de Emigración indican que o retorno a Galicia prodúcese maioritariamente desde países europeos. No ano 2006 volveron 1.586 da UE e 2.511 doutras nacións do continente. De América Central e do Sur volveron 1.918 persoas e, do Norte, 267. Do continente africano volveron 37; de Asia, 28; e de Oceanía, retornaron a Galicia 15 persoas.